INVENTARIO DO CENTRO

No artigo 32º, apartado e), do ***Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria*** (D.O.G. Nº 156, 9-agosto-1996), referente ás competencias do/a secretario/a dun instituto de educación secundaria, establécese o seguinte:

"e) Realizar coa colaboración dos xefes/as de departamento o inventario xeral do instituto e mantelo actualizado."

Do mesmo xeito, no artigo 75º, apartado l), dise que unha das competencias do/a xefe/a de departamento será:

"l) Colaborar co secretario ou secretaria na elaboración e actualización do inventario do centro."

Dada a dificultade de establecer un formato dixital común para todos os departamentos de maneira que todo o profesorado poida consultar o inventario do centro, e tendo en conta as posibilidades que ofrece o programa de xestión académica Xade-Web, o equipo directivo informou, na Comisión de Coordinación Pedagóxica celebrada o 26 de novembro de 2009, do novo ***proceso para facer o inventario do centro*** a través do Xade-Web. Desta maneira calquera membro do Claustro do Profesorado poderá ser capaz de buscar o material que existe no centro, así como tanto desde a secretaría do centro como desde as xefaturas de departamento poderase dar de alta o material.

Para poder realizar esta xestión hai que ir ao Xade-Web, e seguir a seguinte ruta:

Secretaría > Administración > Inventario

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Comezaron as obras no centro que consistirán na retirada do canlón do edifición principal e colocación dun novo. Ademais, vaise acondicionar o laboratorio de Física instalando novo mobiliario e novas instalacións de electricidade e fontanería. Estas obras poden producir ruídos molestos e certa sucidade, pero son necesarias para mellorar o funcionamento e as instalacións do centro, pedindo desculpas por anticipado.

Coma todos os anos, recórdase ao profesorado que sería recomendable que as mesas da sala do profesorado non se dedicasen a acumular todo tipo de material, senón que estiveran limpas para que o traballo nelas fose un pouco máis agradable. Hai que ter en conta que este ano coa instalación das taquillas, todo o material persoal pode gardarse nelas, evitando a acumulación deste nas mesas da sala.

Prégase que as faltas ao alumnado se introduzan no XADEWEB o antes posible para que o/a titor/a poida levar un control máis axeitado do seu alumnado.

Os/as profesores/as que desexen recibir a nómina por correo electrónico só teñen que entregar o impreso correspondente en secretaría para enviar á Xefatura Territorial de Lugo. Dito documento pódese descargar da páxina do centro, ou pedilo na secretaría do centro.

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 3

Novembro—2009

Embalse de Belesar

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CALENDARIO DAS REUNIÓNS DA PRIMEIRA AVALIACIÓN

Día 15 de decembro de 2009:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10 h.	2º B E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:10 a 17:50 h.	2º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:50 a 18:30 h.	1º B E.S.O.	Aula Multimedia
de 18:30 a 19:10 h.	1º A E.S.O.	Aula Multimedia

Día 16 de decembro de 2009:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10 h.	4º B E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:10 a 17:40 h.	4º Diver. E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:40 a 18:20 h.	4º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 18:20 a 19:00 h.	3º B E.S.O.	Aula Multimedia
de 19:00 a 19:40 h.	3º A E.S.O.	Aula Multimedia

Día 17 de decembro de 2009:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10 h.	1º A Bac.	Aula Multimedia
de 17:10 a 17:50 h.	1º B Bac.	Aula Multimedia
de 17:50 a 18:30 h.	2º A Bac.	Aula Multimedia
de 18:30 a 19:10 h.	2º B Bac.	Aula Multimedia

Aclaracións:

En beneficio de todos, prégase puntualidade.

O profesorado debe reflectir as notas da súa materia na aplicación XADEWEB, deste xeito o/a profesor/a titor/a poderá facer copias da actilla e entregalas na xunta de avaliación. Para facilitar a tarefa, débese facer antes das 24:00 horas do comezo das avaliacións.

As notas serán entregadas polo/a titor/a a partir das 14:00 horas do martes 22 de decembro 2009.

Avaliación E.S.A. – *Módulos I /III*

1ª avaliación

Avaliación: Xoves, 17 de decembro de 2009.

Módulo I ás 16:30 – 17:00 horas.

Módulo III ás 17:00 – 17:30 horas.

Entrega de notas ao alumnado: martes, 22 de decembro de 2009 a partir das 11:00 horas.

Normas de Organización e Funcionamento

O día 10 de decembro de 2009 celebrarase un Claustro de Profesores/as, onde un dos puntos a tratar serán as emendas ao documento de Normas de Organización e Funcionamento do Centro, documento elaborado no curso pasado por un grupo de traballo formado por profesores/as de centro.

Como sabedes, este documento é o que se coñecía anteriormente como Regulamento de Réxime Interno, pero que agora recibe este novo nome coa L.O.E.

A convivencia, baseada na liberdade e a dignidade de todos os membros da comunidade educativa, require o respecto mutuo, o diálogo e a tolerancia, como condicións indispensables para o desenvolvemento eficaz e eficiente da labor docente. Para facilitar e asegurar esta convivencia son necesarias estas normas que regulen o funcionamento do centro.

En definitiva, o que se pretende é construír un marco que sirva de guía á comunidade educativa, quedando claras unha serie funcións, normas, etc...

As normas de organización e funcionamento serán de aplicación a toda a comunidade educativa do I.E.S. Lama das Quendas.

Con este documento, que formaría parte do Proxecto Educativo de Centro, quedaría case completado o mesmo, polo que o centro cumpriría o establecido na L.O.E.